

## Conclusións das xornadas:



**06.06.2014**

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM  
Carretera de Betanzos a Mesón do Vento, KM 7,5. Abegondo (Mabegondo)

A continuación reproducense as conclusións máis salientables da xornada “**Retos e oportunidades para o agro galego: aplicación en Galicia do Partenariado Europeo para a Innovación**”, que tiveron lugar o día 6 de xuño de 2014, no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, organizadas conxuntamente pola Fundación Juana de Vega, a Fundación Empresa Universidade Galega e o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) do Instituto Galego de Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural e do Mar.

## Conclusións

- O impulso da innovación no sector agroalimentario e forestal galegos é un pilar fundamental tanto para asegurar a competitividade nun escenario cada vez máis global e desprotexido como para que esa competitividade se asente en modelos sostibles tanto social como medioambientalmente.
- Tanto a estratexia Europa 2020 como a RIS3 galega incorporan a innovación como eixo clave. O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia non debe ser alleo a ese marco estratéxico.
- A innovación enténdese como levar boas ideas á práctica e facer que funcionen. Oriéntase, polo tanto, a resolver problemas reais e aproveitar oportunidades concretas, que teñan, ademais, relevancia dende un punto de vista colectivo ou sectorial.
- Os proxectos innovadores poden perseguir tanto melloras no eido da produción, na comercialización, transformación ou eficiencia técnica

como no da organización social, gobernanza ou mellora medioambiental.

- No vindeiro período de programación (2014-2020) existirán numerosos instrumentos de apoio á innovación. Unha oportunidade importante son as novas medidas recollidas no Regulamento Europeo de Desenvolvemento Rural no marco da Asociación Europea para a Innovación (AEI). Ditas medidas permitirán impulsar os chamados Grupos Operativos de Innovación e os Axentes de Innovación.
- A definición concreta do enfoque, o nivel de apoio e o funcionamento polo miúdo das medidas da AEI no PDR galego correspóndelle definilas á Consellería do Medio Rural e do Mar. Durante as xornadas presentouse o Marco Nacional pero non se puido coñecer cal é o estado da cuestión ó respecto en Galicia, polo que se descoñece en que medida o PDR galego vai recoller os instrumentos previstos pola AEI.
- Destácase a importancia de facer un esforzo desde o PDR Galego pola innovación e dotar axeitadamente as medidas relacionadas, especialmente as de impulso ós Grupos Operativos. A innovación e a cooperación permitirán un efecto multiplicador no conxunto do sector agroalimentario e forestal en comparación con outras medidas clásicas cun ratio beneficio-custe moi inferior.
- Recoñécese o interese da cooperación entre diversos axentes como elemento fundamental para a innovación (Grupos Operativos), especialmente entre o ámbito da investigación e o da práctica (produtores, transformadores, etc.) para a aplicación práctica dos resultados e para lograr unha efectiva difusión dos resultados da innovación. A tal fin non deben quedar excluídos beneficiarios que poidan ser relevantes para a execución do proxecto aínda que non

estean directamente relacionados coa produción, transformación ou comercialización, especialmente os que poden actuar de catalizadores ou axentes de innovación. Porén hai que garantir que todos os parceiros sexan axeitados para a consecución dos proxectos. As parcerías deben orientarse á consecución de resultados concretos útiles para os usuarios finais.

- O impulso da cooperación para a innovación non debe ser alleo ás características dos sectores obxectivo (agrogandeiro, agroindustria e forestal), tradicionalmente atomizado, con operadores de pequena dimensión e con dificultades para acometer procesos innovadores. A tal fin deberíase:
  - Apoiar á maduración de ideas de proxecto, á identificación de posibles parcerías e socios, á preparación de candidaturas a convocatorias de financiación, etc.
  - Fomentar a figura dos axentes de innovación como catalizadores e dinamizadores, sempre que garantan un valor engadido no impulso de proxectos concretos.
  - Axeitar o tamaño dos proxectos ó dos potenciais beneficiarios e asegurar que os pequenos operadores teñen igualdade de oportunidades.
  
- Reclámase a necesidade de fomentar a difusión e divulgación tanto do enfoque da AEI como dos instrumentos existentes para impulsar os proxectos innovadores a través dos Grupos Operativos. Isto é así tanto durante a definición das medidas, dado que as achegas dos potenciais beneficiarios son cruciais á hora de definir instrumentos útiles, como durante a súa aplicación, para que o seu aproveitamento sexa máximo. A Consellería de Medio Rural e do Mar podería ter un rol central nestas actividades.

- Ademais de fondos para o seu financiamento é fundamental levar a cabo actividades de dinamización, difusión e estímulo que impulsen os proxectos de cooperación innovadores. Unha rede AEI galega podería ter un rol central nesa tarefa, sempre e cando trascendese do nivel formal.
- Para acadar un ecosistema innovador e a capacitación dos axentes no espírito cooperativo e sinérxico, faise necesario promover a colaboración de segundo e terceiro nivel entre diferentes grupos operativos galegos, do Estado e europeos; entre diferentes fontes de financiamento, etc. Tales procesos pódense impulsar a través de financiamento específico sexa no ámbito do PDR ou noutros.
- Destácase a importancia de realizar unha ampla difusión dos resultados da investigación ou innovación entre os axentes interesados. Deste xeito garántese a transmisión de coñecementos que redundará nunha máis ampla aplicación práctica dos mesmos, en consonancia cos obxectivos da AEI.
- Saliéntase que Galicia conta con centros de investigación de primeiro nivel, que ademais coñecen ben a realidade da produción agraria e forestal do país e da industria vinculada a ela. Estes centros son un activo importante que nos dá unha vantaxe competitiva se somos capaces de tirar partido deles.

O programa completo das xornadas, con algúns dos documentos presentados, está dispoñible no enderezo web [www.juanadevega.org](http://www.juanadevega.org)

**Para obter máis información:**

[info@juanadevega.org](mailto:info@juanadevega.org)

T. 981 65 46 37